



### XUNTA DE GALICIA

#### AUGAS DE GALICIA

##### Anuncio

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

**CLAVE: DH.V27.42781**

O CONCELLO DE XOVE, de conformidade co artigo 261 do Regulamento do dominio público hidráulico, solicita a modificación da autorización outorgada por resolución de Augas de Galicia de data 24/01/2014 para a EDAR de Cainzos-Xove (t.m. Xove); debido á ampliación da EDAR coa instalación dun novo desbaste xeral e unha nova liña de depuración en paralelo coa existente.

As augas residuais urbanas procedentes do saneamento do núcleo de Xove (t.m. Xove) son tratadas nun sistema de depuración deseñado para 2.000 habitantes equivalentes asentado no lugar de Caínzos (t.m. Xove), que consta dos seguintes dispositivos:

- Arqueta de entrada.
- Pozo de retención de grosos de 5,95 m<sup>3</sup> de capacidade.
- Dúas canles de desbaste en paralelo, a principal dotada de reixa automática de 15 mm de luz de paso e a outra dotada de reixa manual de 15 mm, no caso de avaría ou mantemento da canle principal.
- Divisor de caudais entre as dúas liñas de depuración (existente e nova) dispostas en paralelo, cada unha delas constituída por:
  - Rototamiz de 1,5 mm de luz de paso.
  - Desareador-desengraxador en tanque aireado de 1,38 m<sup>3</sup> de capacidade.
  - Reactor biolóxico primario (preaireación) de 15 m<sup>3</sup> de capacidade.
  - Decantador primario de 15 m<sup>3</sup> de capacidade.
  - Reactor biolóxico secundario de 47 m<sup>3</sup> de capacidade.
  - Decantador secundario de 18,75 m<sup>3</sup> de capacidade, con recirculación de lodos.
- Tanque de 18 m<sup>3</sup> de capacidade dotado de aireación no que se estabilizan, por dixestión aerobia, os lodos primarios e secundarios.

O que se fai público para xeral coñecemento por un prazo de **TRINTA (30) DÍAS**, contados a partir do seguinte día á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente anuncio, co fin de que os que se consideren prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas da entidade Augas de Galicia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sitas na praza Camilo Díaz Baliño de Santiago de Compostela, e no Servizo Territorial Norte de Augas de Galicia sito no Edificio administrativo da Xunta de Galicia en Monelos, na rúa Vicente Ferrer, núm.2 - 9º andar da Coruña, onde se atopa exposto o proxecto para que poida ser examinado por quen desexe.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2022.- A Xefa da Área de Vertidos, Leticia Valladares López.

R. 2929

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**  
**ÁREA DE FORMACIÓN, ENSINO E ECONOMÍA DO COÑECEMENTO**

*Anuncio*

**CONVOCATORIA CURSO DO PLAN PROPIO DE FORMACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA O ANO 2022**

A Sección de Formación, dentro do Plan Propio de Formación para o 2022, propón, seguindo indicacións e a proposta do Servizo de Contratación e Fomento desta entidade de data 02-09-2022, a publicación da súa convocatoria, bases e anexos no BOP da seguinte acción formativa:

- 02.03.01.22 XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS. MODALIDADE EN LIÑA

As características e contidos específicos destes cursos detállanse no anexo I e desenvolveranse de acordo coas seguintes:

**BASES XERAIS**

**PRIMEIRA.- SOLICITUDES**

1. O persoal que desexe participar nestes cursos presentará cuberta, en todos os epígrafes que corresponda, a instancia segundo o modelo oficial publicado no BOP. Todos os campos deben ser cumprimentados. No caso dos cursos que se impartan dentro do horario laboral é obrigatoria a sinatura do superior/a xerárquico/a, alcalde/sa ou presidente/a así como o selo da entidade.

2. A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos/as aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.

3. O prazo de presentación das solicitudes finalizará o **28 DE OUTUBRO DE 2022 ÁS 12:00 H.** Todas aquelas instancias presentadas fora de prazo serán excluídas. Naquelas accións formativas que, unha vez finalizado o prazo, non se cubriran as prazas ofertadas, manterase aberto ata completarse estas, quedando pechado o devandito prazo cinco días hábiles antes do comezo do curso.

4. A documentación dirixirase ao Sr. Presidente da Deputación de Lugo, Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento por:

- **Presentación directa:** No Rexistro Xeral da Deputación de Lugo.
- **Correo electrónico:** [formacion@deputacionlugo.org](mailto:formacion@deputacionlugo.org)
- **E demáis lugares** de conformidade co artigo. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**SEGUNDA.- ACCESO E PARTICIPACIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS**

1.- Poderá participa-lo persoal que cumpra os requisitos específicos esixidos no anexo I.

2.- En aplicación do Real Decreto 2771/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, as persoas con discapacidade que soliciten participar nunha actividade formativa poderán facer constar tal circunstancia na solicitude de inscrición, e poderán indicar, as adaptacións necesarias para poder realizala no caso de que fosen seleccionadas. Incorporase como criterio de valoración na participación nos cursos de formación de empregados/as públicos/as o estar afectado por una discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.

3.- Dacordo co disposto no art. 60.1 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, outorgarase preferencia na selección a quenes se incorporaran no prazo dun ano ao servizo activo, procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresasen desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, co obxecto de actualizar os coñecementos dos empregados/as públicos/as. Dita circunstancia deberá acreditarse no momento de formalizarse a solicitude de inscrición.

4.- Poderase participar en actividades de formación durante o permisos por parto, adopción ou acollemento, así como durante a situación de excedencia por coidado de familiares, segundo o disposto nos artigos 49 e 89.4 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro. Dita circunstancia deberá acreditarse no momento de formalizarse a solicitude de inscrición.

5.- As persoas solicitantes de actividades impartidas na modalidade "en liña" e/ou "telepresenza" deberán dispor dunha conta de correo electrónico cuxa dirección terán que indicar na solicitude e dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos: un ordenador con conexión a internet e un navegador web actualizado.

6.- A Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento poñerase en contacto cos/cas peticionarios/as, asemade poderán obter confirmación da súa posible admisión chamando ó teléfono 982 260 065 ou 982 260 036.

7.- A non comparecencia ou abandono dun/dunha participante admitido/a a unha acción formativa terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido/a ás distintas accións formativas convocadas pola Deputación Provincial de Lugo.

#### **TERCEIRA.- CERTIFICACIÓNS**

Expedirase certificado de asistencia ou certificado de asistencia e aproveitamento ós/ás alumnos/as que asistan ó curso. É obrigatoria a asistencia a todas as sesións dos cursos presenciais. Unha inasistencia superior ao 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa. No caso dos cursos en "MODALIDADE EN LIÑA", é obrigatoria a asistencia á sesión presencial, naqueles que así o requiran. Se o/a alumno/a non se presentase á sesión presencial, será excluído/a deste.

**a) Certificación de asistencia, ou**

**b) Certificación de asistencia con aproveitamento:** trala superación das probas pertinentes, as cales, terán carácter voluntario ou visto o informe de avaliación emitido polo/a formador/a.

En calquera dos supostos só se expedirá unha única Certificación.

#### **CUARTA.- MODIFICACIÓNS**

A Deputación de Lugo, poderá modificar o desenvolvemento e mailos contidos dos cursos co obxecto de adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

Lugo, 17 de outubro de 2022. O Presidente: José Tomé Roca. O Secretario Xeral: José Antonio Mourelle Cillero

#### **ANEXO I**

#### **CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS**

**Código A. F.:** 02.03.01.22

**Denominación:** XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS. MODALIDADE EN LIÑA

**Destinatarios:** Empregados públicos da administración local da provincia de Lugo que desempeñen funcións relacionadas coa materia obxecto desta actividade formativa.

**Participantes:** 50

**Horas:** 30

**Datas realización:** Do 14 de novembro ao 14 de decembro de 2022

#### **OBXECTIVO:**

Proporcionar ao alumnado unha visión práctica da xestión e xustificación das subvencións

#### **PROGRAMA:**

##### **MÓDULO I. INTRODUCCIÓN**

- Planificación estratéxica.
- Bases reguladoras.
- Beneficiarios e entidades colaboradoras.
- Subcontratación.
- Procedementos de concesión de concesións.
- Requisitos procedimentais para o otorgamento de subvencións.
- Obrigación de cofinanciación.
- Concurrencia de fontes de financiación.
- Gastos subvencionables y non subvencionables.

##### **MÓDULO II. XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS**

- A obriga de xustificar y o seu obxecto.
- Suxeitos obrigados a xustificar.
- Prazo de xustificación.
- Requisitos dos xustificantes:

a) xustificantes de gasto.

b) xustificantes de pago.

- Modalidades da xustificación das subvencións:

a) Conta xustificativa.

. Conta xustificativa ordinaria.

. Conta xustificativa con informe de auditor.

. Conta xustificativa simplificada.

b) Presentación de estados contables.

c) Xustificación por módulos.

### **MÓDULO III. REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS**

1. Marco normativo.

2. Causas determinantes da invalidez da resolución de concesión da subvención:

a) As causas determinantes da nulidade de pleno dereito da resolución da concesión da subvención.

b) As causas determinantes da anulabilidade da resolución da concesión da subvención.

c) Os efectos do reintegro.

d) Os aspectos procedimentais:

- A revisión de oficio da resolución da concesión.

- A declaración de lesividade da resolución da concesión da subvención.

3. Causas determinantes do reintegro da subvención:

a) Causas.

b) Efectos.

4. A natureza dos créditos a reintegrar e dos procedementos para facer efectivo o reintegro.

5. A prescrición do dereito da administración para recoñecer ou liquidar o reintegro.

6. Os obrigados ao reintegro.

7. O procedemento de reintegro.

### **MÓDULO IV. O RÉXIME XURÍDICO DOS PREMIOS**

- Diferencia entre premio e subvención.

- Normativa de aplicación

- Procedemento de xestión

- Xustificación e pago

- Reintegros, devolución e cancelación.

### **MÓDULO V. SUBVENCÍONS EN ESPECIE**

- Peculiaridades do réxime de concesión e xustificación.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO  
SECCIÓN DE FORMACIÓN

ANEXO II  
SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN

<b>1. Título acción formativa</b>	<b>Código A. F.</b>

<b>2. Datos pessoais</b>			
Nome:	Primeiro Apellido	Segundo Apellido	N.I.F.

<b>3. Datos profesionais</b>								
Posto traballo:	Grupo/Subgrupo	A1	A2	B	C1	C2	AP	Entidade onde traballa
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Dependencia	Enderezo do posto de traballo			Localidade		Provincia		
Minusvalía física	Si	Non	Teléf. Traballo	Fax traballo	Correo electrónico		Teléf. móbil / particular	
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>						

Clase de persoal	Funcionario	Funcionario Interino	Persoal Eventual	Laboral Fixo	Laboral Temporal
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Funcións que desempeña:					

<b>4. A ter en conta.</b>
Segundo recollen as bases de convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes finalizará na data e hora que aparecen nas bases xerais da convocatoria publicadas no BOP. No caso de non cubrirse as prazas, manterase aberto ata completarse. O solicitante deberá cumprimentar todos os campos da solicitude. Aquelas accións formativas que se celebren dentro do horario laboral do solicitante, é obrigatoria a autorización do superior xerárquico. A non comparecencia ou abandono dun participante admitido terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido nas distintas accións formativas.

<b>5. Declaración</b>
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que aporsto á solicitude que abaixo asino.

<b>6. Informe Entidade Local</b>
Se o curso ten lugar en horario laboral do solicitante é obrigatoria a sinatura do superior xerárquico, alcalde ou presidente e o selo da Entidade
<input type="checkbox"/> Favorable <input type="checkbox"/> Desfavorable
Sinatura e selo (Alcalde, Presidente, Xefe de Servizo...)

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia.

\_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
Sinatura

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Sección de Formación. Rúa San Marcos, 8. 27001 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 035. Fax 982 260 169. e-mail: formacion@deputacionlugo.org

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais; informámoslle que os seus datos se incorporan nun ficheiro automatizado baixo a responsabilidade da DEPUTACIÓN, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con vostede. Así mesmo informámoslle que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento mediante correo electrónico [protecciondatos@deputacionlugo.org](mailto:protecciondatos@deputacionlugo.org) sede electrónica ou escrito acompañado de copia de documento oficial que lle identifique, á Rúa San Marcos, 8 27001 - Lugo. Temos o seu consentimento para utilizar os seus datos persoais para desenvolver as actividades formativas nas que se inscriba, así mesmo queda constancia da aceptación de todo o exposto anteriormente neste documento e que vostede coñece os seus dereitos e obrigaes segundo a normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal.

## CONCELLOS

### BECERREÁ

#### *Anuncio*

#### **EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía de data 10/10/2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de outubro do 2022 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 10/12/2022. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 11 de outubro de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2930

## CASTROVERDE

#### *Anuncio*

Que na Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 05 de Outubro de 2022, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2022:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (3º trimestre do ano 2022).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo pazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 26 de Outubro de 2022 ata o 26 de Decembro de 2022. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 14 de outubro de 2022.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2931

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

#### EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA XIMNASIO SETEMBRO DE 2022

##### EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data **4 DE OUTUBRO DE 2022**, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de **SETEMBRO DE 2022** por importe de **796,99 EUROS (SETECENTOS NOVENTA E SEIS CON NOVENTA E NOVE EUROS)**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

##### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 4 de outubro de 2022.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 2932

### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. SETEMBRO 2022**

##### **EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 06 de outubro de 2022, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Setembro de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil setecentos sesenta e tres euros con once céntimos de euro( 3.763,11€) , tres mil cento setenta e cinco euros con sesenta e un céntimos de euro (3.175,61€) correspondente a dependencia , e cincocentos oitenta e sete euros con cincuenta céntimos de euro ( 587,50€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcadesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interponer calquera outro recurso que consideren oportuno.

##### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordó cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 6 de outubro de 2022.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 2933

### *Anuncio*

Anuncio de notificación de baixa de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes por inscripción indebida.

“Con fecha dos de marzo de dos mil veinte se dicto Resolución de la Alcaldía en la que se aprueba lo siguiente:

1º.- Declarar el inicio del procedimiento de baja de oficio de la inscripción en el Padrón Municipal de Habitantes de este Ayuntamiento, por inscripción indebida de la persona que se relaciona a continuación:

- **D. JOSÉ ALFREDOP GONÇALVES CORREIA CON DOCUMENTO N.º Y04981359X**

2º.- No siendo posible practicar la notificación a la persona interesada, se inicia un plazo de quince días, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE, según lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, para que la persona interesada presente ante esta Alcaldía las alegaciones que considere oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

3º.- De no presentar alegaciones en dicho plazo, y una vez recibido informe favorable del Consejo de Empadronamiento, se procederá a la **baja en el Padrón Municipal de Habitantes** del Concello de Lourenzá”.

Lourenzá, 14 de outubro de 2022.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 2934



## LUGO

*Anuncio*

A Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, en virtude de delegación por acordo 28/452 da Xunta de Goberno Local, do 17 de xullo de 2019, ditou o Decreto número 9935/2022, do 13 de outubro, polo que se aproba o padrón correspondente ó exercicio de 2022, do Imposto sobre actividades económicas.

Conforme ó disposto no art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria e no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral, o padrón aprobado queda exposto ó público (no Servizo de Facenda Local, sito no Centro de Servizos Municipais da Ronda da Muralla, 197 2º andar, en horario de 9:00h a 14:00h), durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalo e formular as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

Para a consulta dos datos do padrón se utilizarán preferentemente medios informáticos mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar a condición de obrigado tributario ou o seu representante para os efectos de facilitarlles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

No caso de non recepción ou extravío dos recibos, expediranse duplicados na Oficina de Facenda Local (IAE) do Centro de Servizos Municipais, sito na Rd Muralla, 197 2º, de luns a venres, en horario de 9:00 h a 14:00 h, mediante atención personalizada.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Ilma. Tenenta de Alcalde-Delegada da Área no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ó da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Lugo, 13 de outubro de 2022.- A, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Ilma. Sra. dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2948

## PALAS DE REI

*Anuncio*

**SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CONTRATOS TEMPORAIS DE 2 POSTOS DE PEÓNS DE MEDIO AMBIENTE A XORNADA COMPLETA.**

**BASES DA CONVOCATORIA****1. Obxecto**

A convocatoria ten por obxecto a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato por contrato temporal de 2 postos de peón de medio ambiente, a xornada completa

**2. Características do posto de traballo ofertado**

Denominación do posto:	Peón de medio ambiente
Réxime	Contrato laboral temporal
Unidade/Área	Obras
Categoría profesional	10.d
Titulación esixible	Estudios primarios ou equivalentes
Sistema de selección	Concurso-oposición
Núm. de Postos que se convocan	2 postos contrato 402

### 3. Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do RDLex 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)	Temporal.
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Xornada completa
Xornada de traballo (horas semanais e prestación)	8h/día
Retribución bruta	SMI 2022

### 4. Requisitos dos aspirantes

#### 4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia)

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Non haber traballado en esta administración, 24 meses ou máis nos últimos meses a contar desde a data das bases, segundo o establecido especialmente nos artigos 27 e 28 da Ley 2/2015 do emprego público de Galicia.

Tanto os requisitos imprescindibles, como os méritos que se aleguen, deberán ser acreditados mediante certificacións expedidas polos organismos competentes. A acreditación da experiencia profesional deberá realizarse mediante certificacións oficiais descritivas do tempo e funcións desenroladas: **vida laboral e certificados administrativos, contratos administrativos, contratos laborais ou similares.**

#### 4.2. De carácter específico.

- Certificado de Lingua Galega Nivel 2 (Celga 2) ou equivalente.

- Estudos primarios

- Permiso de conducir B1

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

### 5. Publicidade.

As presentes Bases publicaranse sede electrónica do Concello de Palas de Rei.

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo e os sucesivos trámites publicaranse na sede electrónica do concello.

O anuncio da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

## 6. Procedemento selectivo.

### 6.1. Documentación.

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como **Anexo I** a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Palas de Rei, xunto coa documentación que na mesma se indica.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou nas oficinas de correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán adiantar á dirección [info@concellopalasderei.org](mailto:info@concellopalasderei.org), un resgardo de ter presentado a solicitude, dentro do prazo de presentación, indicando como asunto: proceso peón de limpeza 401.

### 6.2. Prazo de presentación de instancias.

**Tres días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

### 6.3 Admisión.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dous días hábiles** para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio na sede electrónica do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e ditarase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na sede electrónica do Concello.

### 6.4. Órgano de selección

A Comisión Técnica de Selección será nomeada por resolución do alcalde e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase en conta a normativa reguladora da igualdade entre homes e mulleres.

Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no que para o ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

### 6.5. Colaboradores.

A Comisión Técnica de Selección, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración.

### 6.6. Sistema de selección e puntuación.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

#### Proba de Galego:

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá nun tipo test proposto polo tribunal, nun tempo máximo de media hora.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Palas de Rei. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exento da realización desta proba aqueles aspirante que posúan o celga 2 ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

### **7. Fase de concurso ( Máximo 4 puntos):**

